

PEZA DO MES

setembro

2017



ZANFONA

XUNTA DE GALICIA

Zanfona

Esta zanfona (inv. CE000690) foi doada por Faustino Santalices Pérez (Bande, 1877 - Madrid, 1960) á Comisión Provincial de Monumentos en 1904 xa que quedou constancia da súa recepción na sesión ordinaria do 26 de agosto daquel ano, na que participaron Benito Fernández Alonso, Arturo Vázquez Núñez, Juan M. Amor Pereira, Antonio Rodríguez Iglesias –alcalde de Ourense–, Manuel Martínez Sueiro e Manuel Díaz Sanjurjo; na acta quedou anotado: *Seguidamente se dió cuenta de los siguientes donativos hechos a la comisión para su Museo y Biblioteca: De D. Faustino Santalices una talla tallada del siglo XVII y una zanfona.*

Naquel momento o doador era un mozo de vinte e sete anos que acababa de ingresar no Ministerio de Gobernación, tras aprobar unhas oposicións estatais, e só había seis anos que comezara a súa colección de zanfonas, a primeira comprouna en 1898 e a do museo estaría tamén entre as súas adquisicións iniciais.

A zanfona galega –tamén chamada española ou ibérica– é un cordófono fregado de roda, diferente dos modelos europeos, entre cuxas características están as seguintes: habitualmente consta de tres cordas cantantes e dous bordóns, ten forma de guitarra con perfil en cuña –máis alta na parte onde se encaixa o manubrio–, o fondo e a tapa de harmonía son planas, as caravillas dispóñense lateralmente, carece de oídos sonoros e adoita levar un pequeno burato no lado dereito dos aros.

Analizando a morfoloxía desta peza observamos que as partes que a compoñen e as súas medidas entran dentro das características doutras zanfonas galegas documentadas e estudadas por Pablo Carpintero en centros como o Museo de Pontevedra, e a súa datación podemos levala, como mínimo, ao último cuarto do século XIX –sen descartar que sexa bastante anterior–.

En canto ás partes que a compoñen, a caixa de resonancia é aguitarrada, nun extremo está a manivela, brazo metálico –en forma de S– unido á roda cun eixe situado no interior, a roda –de madeira de buxo ou de nogueira– untábase con resina e no exterior levaba unha tapa semicircular para protexela, perdida neste exemplar aínda que conserva as marcas da súa colocación. No lateral

dereito ten un burato circular, de dous centímetros de diámetro, que sería o lugar polo que se engraxaba o eixe metálico que unía manivela e roda.

O mastro, caixa rectangular, une a caixa de resonancia co soporte das caravillas e vai cuberto cunha tapa que esconde o teclado, neste caso de trece teclas polo que é diatónico –os cromáticos teñen vinte e tres–, cada tecla levaba tres espadelas –algunhas perdéronse– que ao rozar coas cordas producían as notas.

As cordas eran cinco, tres cantoras, que pasan polo mastro e deben protexerse cunha fina capa de algodón na zona onde rozaban coa roda, producen a melodía e modifican a altura do son, e dous bordóns –fregados nos extremos da roda– que producen un son afinado fixo. No outro extremo do instrumento está o soporte das caravillas, rematado en forma de voluta, ao que se fixan as cordas por medio de cinco caravillas móbiles –só se conservan dúas– colocadas a ambos os dous lados.

A zanfona pode tocarse de pé, colgada dunha correa en bandoleira, ou ben sentado, apoiándoa sobre os xeonllos, xírase o manubrio coa man dereita e coa esquerda prémense as teclas, non era raro que se acompañase dos ferriños, tocados polo *lazarillo* que seguía o cego.

Esta zanfona é moi sinxela, sen alardes decorativos, só podemos destacar detalles como a voluta do soporte das caravillas ou unha flor hexapétala –no tensor das cordas–, por outro lado, determinados aspectos como as ensamblaxes das táboas e algunhas irregularidades lévannos a pensar que probablemente non foi construída por un *luthier* senón por un ebanista.

En todo caso, incorporouse rapidamente á exposición permanente do museo cuxa sede estaba no Centro Provincial de Instrución dende finais do século XIX (IES Otero Pedrayo nos nosos días), ao respecto, Anette M. B. Meakin no seu libro Galicia. *The Switzerland of Spain* (1909) conta a súa visita ao museo un ano antes e comenta: *unha das cousas que máis me interesou foi un instrumento musical de estrutura medieval: tiña unha manivela como un órgano de man pero as cordas e caravillas eran como as dun violín. Dixéronme que este tipo de instrumentos aínda o usaban os músicos cegos galegos...* Efectivamente, entre as escasas fotografías que se conservan do museo naqueles anos hai unha na que aparece exposta ao lado dunha gaita e un chifre.

No referente ao termo zanfona, e á súa historia, a orixe pode rastrexarse a partir do grego *symphoneia* que non sería un instrumento senón un son simultáneo ou de execución conxunta, de aí evolucionaría ao latín *symphonia*, logo a *sinfonía* ou *çinfonia* (s. XIII) e a *sanfonía* (s. XVII) desembocando nas actuais *zanfoña* e *zanfona*. En calquera caso, a súa historia parte do *organistrum*, de 1,5 a 2 m de lonxitude e tanxido por dúas persoas, que podería ter xurdido nas abadías do centro e norte de Europa no século X aínda que a zanfona non nacería ata o s. XIII cando se reduce o tamaño do *organistrum*, a caixa agora é rectangular e pasa a ser tocada por un único músico, isto sucedeu probablemente no norte de Francia e dende alí estendeuse por Europa e á Península Ibérica a través do camiño de Santiago. Ademais de música relixiosa usábase tamén na secular, acompañando os cantos trobadorescos, e na Baixa Idade Media tivo éxito na música culta. A partir do século XVI quedou relegada ao ámbito popular polo seu timbre agudo e rechamante, na centuria seguinte empeza a relacionarse con intérpretes cegos e aumentou de tamaño pero o seu uso decaeu, nesta situación permanece ata finais do XVII cando renace na corte francesa de Luis XIV, adquire condición nobiliaria, soa en Versalles nas *paysanneries* ou *fêtes champêtres*, e os nobres tocábana –a raíña María Antonieta entre eles–. No século XVIII cambia a morfoloxía, empezaron a construírse reutilizando laúdes, violíns, tiorbas, etc., e mantivo o *status* privilexiado, mesmo Mozart e Haydn compuxeron obras nas que incluían a zanfona. O século XIX volveu poñela en mans populares e sobreviviu no folclore dalgunhas rexións francesas, suecas, inglesas, etc., pero a aparición do acordeón e do violín levárona case á extinción.

No que a Galicia respecta, á parte das representacións do organistrum no Pórtico da Gloria da catedral de Santiago (1188), no Pazo de Xelmirez (s. XII) e no Pórtico do Paraíso da catedral de Ourense (s. XIII), a zanfona aparece representada, posteriormente, en tímpanos, retablos, cadeirados de coro, etc., pero a información escrita máis antiga sobre ela é un documento de 1662 no que Juan Coiro –cego de Betanzos– se compromete con Juan Diego a ensinar ao fillo deste –cego tamén– a tocala a cambio de que o acompañe cos ferriños. Non obstante, o protagonismo deste instrumento céntrase no s. XIX vinculado aos cegos e á chamada literatura de cordel –coplas e romances–, estes tocábana en feiras, romaxes ou prazas dos pobos a cambio de donativos e nas súas coplas os sucesos, en particular os crimes, eran o centro temático, pero

tamén os amoríos, a picaresca ou a sátira política, así mesmo eran habituais os chistes ou comentarios xocosos, que unidos ao son rouco da zanfona, atraían a atención do público.

Cando Faustino Santalices comezou a interesarse pola zanfona, entre finais do século XIX e principios do XX, estaba case desaparecida e os cegos que as tanxían usaban pezas escangalladas, acarunchadas e rotas, de feito Santalices sinalaba: *os cegos desprestixiárona, tocánda sen escola, converténdoa nun instrumento mate, gangoso e anódino, tendo así que desaparecer, como desapareceu totalmente. Hoxe é só un obxecto arqueolóxico.*

Santalices non só se preocupou por recuperar e conservar cantos instrumentos puido senón que realizou un traballo inxente sobre este cordófono, publicou *La zanfona* (1956), editou o disco *Gravacións históricas de Zanfona* (1927-1949) e promoveu e dirixiu o Obradoiro da Deputación de Lugo, un extraordinario labor co que evitou a súa desaparición e serviu de ponte para que alcanzase o nivel ao que chegou na actualidade, na que recuperou o seu esplendor en Galicia grazas ao traballo de excelentes artesáns e a magníficos músicos capaces de tocala segundo o modo tradicional ou ben de innovar e buscar novos horizontes sonoros.

A zanfona forma coa gaita a parexa de instrumentos típicos da Terra. E doce e máis pastoso o seu son, invita ao desacougo e dá a sensación dun eco lonxano despertando lembranzas de vellas idades.

*Son cinco cordas que cantan
Que suspiran, rin ou choran
Son a ialma de Galicia
Morriñenta e soñadora.*

Faustino Santalices



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Roberto Aneiros García

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

galicia

XUNTA DE GALICIA